

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2023

SEÑORES/A ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte de febreiro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as

oito horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 15 de febreiro de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA DESTINADA AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 13 de xaneiro de 2023 (RE-E núm. 21), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	ROXIÑO S.C.
---------------------	-------------

CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	NORVENTO ENERGÍA DISTRIBUÍDA PLUS S.L.
CIF	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA CON ACUMULACIÓN EN BATERÍAS ILLADA DA REDE
LUGAR	A VILA
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL
RFA. CATASTRAL DA PARCELA	36047A081002040000PW
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro industrial Don Pablo Fernández Castro, en data outubro de 2022)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	94.117,65 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) MES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 16/02/23)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	EXPLOTACIÓN AVÍCOLA DE POLOS
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 01/02/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de MIL OITOCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (1.882,35 €).

Cuarto.- As obras deberán cumprir as condicións impostas pola autorización emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en Pontevedra mediante Resolución de data 12/01/23 (expediente núm. [REDACTED]).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Ramón Sobrado González

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada con data 9 de decembro de 2022 (RE núm. 1950), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	RAMÓN SOBRADO GONZÁLEZ
DNI	[REDACTED]
DOMICILIO	LUGAR DE XABALDIÑO, PARROQUIA DE SAN SALVADOR DE CAMBA

DATOS DA OBRA

OBXECTO	EXECUCIÓN DE ACCESO A PARCELA
LUGAR	XABALDE
PARROQUIA	SAN SALVADOR DE CAMBA
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
RFA. CATASTRAL DA PARCELA	36047A038002260000PW
DOCUMENTO TÉCNICO	NON (Memoria valorada redactada polo promotor, en data 30/11/22)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	2.779,88 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	TRES (3) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 20/12/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CINCUENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (55,59 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o

momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

— José Antonio Otero Carral

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada con data 9 de decembro de 2022 (RE núm. 1950), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	JOSÉ ANTONIO OTERO CARRAL
DNI	██████████
DOMICILIO	MADRID
REPRESENTANTE	MARÍA ELENA SOMOZA CALVIÑO
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBJECTO	APERTURA DE PASO PEONIL EN MURO DE PECHE DE PARCELA
SITUACIÓN	RÚA B NÚM. 10
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANO – ORDENANZA NÚM. 1 (BLOQUE PECHADO)
RFA. CATASTRAL DA PARCELA	6625003NH8262N
DOCUMENTO TÉCNICO	NON (Memoria valorada redactada polo promotor, en data 09/12/22)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	319,33 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	SEIS (6) MESES

INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 16/12/22)
---------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de SEIS EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (6,38 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

Deseguido e de conformidade co previsto no artigo 21 do ROF, o Sr. alcalde auséntase da sesión para a adopción do seguinte acordo, ao incorrer nel a causa de abstención establecida no artigo 23.2 a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Ocupa a presidencia provisional da sesión o primeiro tenente de alcalde Don Pablo Sobrado Vázquez.

— Rubén Perfecto Quintá Quintá

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada con data 13 de outubro de 2022 (RE núm. 1661), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	RUBÉN PERFECTO QUINTÁ QUINTÁ
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE RUBIÁS, PARROQUIA DE NEGRELOS

DATOS DA OBRA

OBXECTO	PECHE LATERAL DE PARCELA
LUGAR	A CAVADA
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
RFA. CATASTRAL DA PARCELA	36047A082002330000PD
DOCUMENTO TÉCNICO	NON (Memoria valorada redactada polo promotor, en data 10/10/22)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	908,19 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	NOVE (9) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 03/11/22)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de

establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DEZAOITO EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (18,16 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

Rematado o debate e votación do anterior acordo, reincorpórase á sesión o Sr. alcalde.

4.- RESOLUCIÓN DE DESESTIMENTO E ARQUIVO DE EXPEDIENTES A SOLICITUDE DOS/AS INTERESADOS/AS

— Paz García Abelairas

ANTECEDENTES

Primeiro.- Consta na documentación existente na Secretaría deste Concello o seguinte expediente (██████████) iniciado a instancia de parte:

- Comunicación previa para a execución de obras de REFORMAS E MELLORAS EN EXPLOTACIÓN GANDEIRA, no lugar de Calque, parroquia do Salto, instada por Dona María Marisa Portomeñe Pérez, na representación de Dona PAZ GARCÍA ABELAIRAS, con data 24 de outubro de 2022 (RE-E núm. 5251), de conformidade coa Memoria valorada modificada redactada pola enxeñeira técnica agrícola Dona María Marisa Portomeñe Pérez, en data 17/10/22.

Segundo.- Consta, asemade, o correspondente escrito de desestimento presentado pola representación da interesada con data 15 de xaneiro de 2023 (RE-E núm. 26).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAP) dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Segundo.- O artigo 21.1 da citada Lei establece que a resolución consistirá na declaración da circunstancia que conorra en cada caso, coa indicación dos feitos producidos e das normas aplicables.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ter por desistida a Dona PAZ GARCÍA ABELAIRAS do expediente incoado a súa instancia e que se sinala nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Ordenar o arquivo do citado expediente, sen máis trámite.

— Roxiño S.C.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Consta na documentación existente na Secretaría deste Concello o seguinte expediente (██████████) iniciado a instancia de parte:

- Comunicación previa de execución de obras de INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA CON ACUMULACIÓN EN BATERÍAS ILLADA DA REDE, no lugar da Vila, parroquia de Rodeiro, instada por Norvento Energía Distribuída Plus S.L., na representación da sociedade ROXIÑO S.C., con data 13 de outubro de 2022 (RE-E núm. 501), de conformidade co proxecto de execución redactado polo enxeñeiro industrial Don Pablo Fernández Crespo, en data outubro de 2022.

Segundo.- Consta, asemade, o correspondente escrito de desestimento presentado pola representación da sociedade interesada con data 20 de xaneiro de 2023 (RE-E núm. 38).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAP) dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Segundo.- O artigo 21.1 da citada Lei establece que a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, coa indicación dos feitos producidos e das normas aplicables.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ter por desistida á sociedade ROXIÑO S.C. do expediente incoado a súa instancia e que se sinala nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Ordenar o arquivo do citado expediente, sen máis trámite.

5.- APROBACIÓN DE ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”, NO MARCO DO PROGRAMA REACPON

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 30 de decembro de 2021, autorizouse a adhesión do Concello ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE RODEIRO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA). A cláusula décimo primeira do convenio asinado establecía que as actuacións deberían estar executadas na súa totalidade a 30 de abril de 2023 e xustificadas no prazo de cinco meses desde a súa finalización, sen exceder en todo caso o 30 de setembro de 2023.

O Pleno da Deputación acordou en data 27/01/23 prorrogar o prazo de execución dos investimentos ata o 31 de decembro de 2023 e o prazo de execución ata o día 31 de maio de 2024.

As novas prórrogas acordadas considéranse beneficiosas para os intereses municipais ao obxecto de evitar as consecuencias de eventuais demoras na execución da obra xa contratada, e a incidencia destas sobre os trámites e prazos da subvención concedida.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación á Addenda ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE RODEIRO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A

RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA).

Segundo.- Aceptar expresa e integramente as cláusulas da addenda ao convenio e comprometerse ao cumprimento das obrigas que o Concello debe asumir en virtude do acordado.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación que ostenta, asine a addenda ao convenio e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do presente acordo.

6.- APROBACIÓN DE PROXECTOS TÉCNICOS DE OBRAS

Constan nas dependencias municipais os seguintes proxectos técnicos redactados por orde da Alcaldía:

A/

Proxecto técnico básico e de execución da obra de “CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO POLIVALENTE DE USO ASISTENCIAL – FASE IV”, redactado polos arquitectos Don Daniel López Ben e Don Pablo Noya Suárez (López y Nova Arquitectura y Urbanismo SLP), con data decembro de 2022, cun importe global de DOUSCENTOS MIL EUROS (200.000,00 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	186.665,79 €
✓ Honorarios de proxecto:	2.928,20 €
✓ Honorarios dirección de obra:	4.416,50 €
✓ Honorarios dirección de execución:	4.416,51 €
✓ Honorarios coordinación de seguridade e saúde:	1.573,00 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 21/12/22, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado.

B/

Proxecto técnico da obra de “MELLORA DUN TRAMO DUNHA CUBERTA NO CENTRO CULTURAL “MANUEL LAMAZARES””, redactado polo arquitecto Don Fernando Carlos Ferro Cruz, con data febreiro de 2023, cun importe global de VINTE E DOUS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (22.552,43 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	20.495,43 €
✓ Honorarios de proxecto:	1.028,50 €
✓ Honorarios dirección de obra e coordinación:	1.028,50 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 17/02/23, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado.

7.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2023

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 29 de decembro de 2022 da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG núm. 13, do 19/01/23). O Sr. alcalde informa que considera conveniente optar a dita

subvención para a realización de obras de mellora dun tramo dunha cuberta do edificio do Centro Cultural Municipal “Manuel Lamazares” de Rodeiro.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha subvención por importe de DEZA OITO MIL CORENTA E UN EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (18.041,94 €) para o investimento denominado “*Mellora dun tramo dunha cuberta no Centro Cultural “Manuel Lamazares”*”, cun orzamento total de VINTE E DOUS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (22.552,43 €), IVE incluído, de conformidade co proxecto técnico do mesmo nome, aprobado na presente sesión e redactado polo arquitecto Don Fernando Carlos Ferro Cruz.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- R.M. PRINT GALICIA S.L. 130,68 €
Por subministro de obxectos protocolarios para a súa distribución entre participantes en competicións deportivas, s/factura núm. A/2023015.
- INGENIERÍA, GEOTECNIA Y CALIDAD S.L. 1.023,66 €
Honorarios por control de calidade de obra incluída no Plan Marco 2022-2023, s/factura núm. 2023.A.27.
- MANUELA ÁGUILA LAMAS 308,55 €
Por diversos traballos de ferraxería para o Concello, s/factura núm. 26.

- ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS S.A.U. 3.945,35 €
Por reparación de luminarias e puntos de alumeado na Praza de Oseira, s/factura núm. 3083000400 (FACe).
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 407,17 €, 885,72 € E 1.117,85 €
Por traballos de reparación de vehículos municipais, s/facturas núm. C 9723, C 9724 e C 9725.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 5.201,31 €
Por diversas reparacións no camión de recollida do lixo, s/factura núm. C 9726.
- ASOCIACIÓN EDUCATIVA NA NATUREZA EMOCIONARTE 2.200,00 €
Por desenvolvemento de actividades de Nadal e Reis, s/factura núm. 4.
- M^a JOSEFA FERNÁNDEZ MOURE 4.554,15 €
Por adquisición de agasallos para os/as nenos/as en Reis Magos, s/factura núm. 508.
- CANTERAS DE RICHINOL S.L 3.016,78 €
Por subministro de zavorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000074 (FACe).
- CANTERAS DEL ARENAL S.L 11.939,73 €
Por subministro de zavorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000000020 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as oito horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)